

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON1110V8	Expediente CON/56/2016	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros textiles no termo municipal de Santiago de Compostela (Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción D.A. 5º do TRLCSP).

TIPO DE LICITACIÓN: Esta ocupación non está suxeita a taxa.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 6 de xullo de 2017, ás 8:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
 D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
 Dna. Goretti Sanmartín, representante do grupo BNG.
 D. Luis Alberto López García, inspector técnico de servizos.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 Dna. Mª Luisa Prego de Oliver López en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	28-06-2017	30.822	UTE RECICLADOS TEXTILES DE SANTIAGO
2	28-06-2017	30.943	ARROUPA SANTIAGO E.I.L., S.L.U

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

Así mesmo, procédese a comprobar o compromiso formal de constitución de unión temporal de empresas presentado pola denominada UTE RECICLADOS TEXTILES DE SANTIAGO. De este escrito resulta que a UTE estaría constituída por dúas empresas:

. TEXTLIMCA SA, que se reservaría unha porcentaxe de participación do 95%, e

. EMPRENDEDORA DE RECICLAJE TEXTIL DE GALICIA SL (INSERTEGA), cunha porcentaxe de participación do 5%.

Destas dúas empresas, tan só unha (INSERTEGA) cumpre o requerimento esencial do prego de ser centro especial de emprego ou empresa de inserción. Este requerimento deriva da posibilidade recollida na disposición adicional 5ª do TRLCSP, que permite reservar unha porcentaxe mínima do dereito a participar en procedementos de adjudicación a este tipo de entidades, trámite que se cumplimentou neste Concello por acordo de Xunta de Goberno Local de 7 de abril de 2017.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1110V8	<i>Expediente</i> CON/56/2016	



A reserva a Centros Especiais de Emprego e empresas de inserción actualmente prevista na disposición adicional quinta do TRLCSP constitúe unha excepción ao réxime de licitación previsto con carácter xeral para os contratos das Administracións Públicas, por motivos de carácter social. Como tal excepción é obxecto de regulación expresa no TRLCSP, recollendo o disposto tamén expresamente na Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 31 de marzo de 2004 sobre coordinación dos procedementos de adxudicación, resultando motivada en que, en condicións normais de competencia, estas entidades poden ter dificultades para obter contratos.

Pois ben, esta finalidade quedaría desvirtuada se se admitira que unha das empresas constituintes da UTE (neste caso cunha porcentaxe de participación de 95%) participara na licitación. Entenden, polo tanto, os técnicos xurídicos presentes na mesa que, aínda recollendo o prego a posibilidade de participar en forma de unión temporal de empresas, todas as participantes nelas deben cumprir o requisito último de ser un centro especial de emprego ou empresa de inserción, para os que está reservado este contrato.

En consecuencia, e de conformidade con este criterio xurídico, a mesa acorda excluir da licitación a oferta presentada pola UTE RECICLADOS TEXTILES DE SANTIAGO.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública do sobre que contén os criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes do único licitador admitido.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións sobre os devanditos criterios NON avaliábles mediante cifras.

Ás 9:03 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11I0V8	<i>Expediente</i> CON/56/2016	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros textiles no termo municipal de Santiago de Compostela (Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción D.A. 5º do TRLCSP).

TIPO DE LICITACIÓN: Esta ocupación non está suxeita a taxa.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de xullo de 2017, ás 8:50 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais:

- D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- Dna. Belén Amor Gómez, en representación da intervención xeral.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas polo único licitador admitido que se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta e conta co voto favorable de todos os membros da mesa.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa UTE RECICLADOS TEXTILES DE SANTIAGO, por incumplir un dos membros desta unión temporal (TEXLIMCA SA) o requisitos esencial para participar neste procedemento que está reservado a centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral, de acordo coa posibilidade recollida na disposición adicional 5ª do TRLCSP.

SEGUNDO: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador ARROUPA SANTIAGO E.I.L., S.L.U, única oferta admitida no procedemento, que compromete a realización dun total de 317 horas ó ano de actuacións de sensibilización ambiental, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 8.55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1110V8	<i>Expediente</i> CON/56/2016	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros textiles no termo municipal de Santiago de Compostela (Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción D.A. 5º do TRLCSP).

TIPO DE LICITACIÓN: Esta ocupación non está suxeita a taxa.

PROCEDIMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 26 de xullo de 2017, ás 10:40 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **ARROUPA SANTIAGO E.I.L., S.L.U**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10:46 horas levantase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA